

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA ECO 1

Entidade executante

Asociación ITINERA Voluntarios en Saúde Mental
(<http://asociacionitineracom/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese fisicamente nos concellos Santiago de Compostela Ames, Teo, O Pino, Vila de Cruces, A Estrada.

Persoas destinatarias

O programa diríxese, en especial, **ás persoas con trastorno mental**, tamén ás persoas con diversidade intelectual e persoas con trastorno do aspecto autista, procurando unha asistencia equilibrada de homes e mulleres. No caso concreto dalgunhas actividades, as persoas deberán acreditar unha discapacidade do 33%.

Obxectivos

- Aumentar a oferta formativa para persoas con discapacidade e /ou TMS no Concello de Santiago de Compostela.
- Ofrecer formación ás persoas usuarias do Hospital Psiquiátrico de Conxo.
- Mellorar o nivel de estudos das persoas que presentan carencias nesta área
- Adquirir competencias transversais ao emprego
- Fomentar a participación feminina nos cursos
- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e/ou TMS
- Fortalecer o tecido social das persoas con discapacidade e/ou TMS en risco de exclusión social
- Ofrecer formacións específicas a profesionais, estudantes e voluntariado interesado
- Dar a coñecer o programa entre as diferentes asociacións e a comunidade.

Metodoloxía

Ten un carácter eminentemente práctico, a través do emprego de técnicas como o role-playing e prácticas formativas, búscase favorecer a adquisición de coñecementos ó tempo que se interiorizan e se orientan a adquirir competencias para o traballo; tamén ten un carácter participativo e de cooperación, favorecendo a adquisición de habilidades axeitadas para o emprego como son a capacidade para o traballo en equipo ou a resolución de conflitos.